

Reunido o día 22 de novembro, o Tribunal do proceso selectivo convocado por resolución reitoral do 21 de maio de 2024 para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico de grao medio de investigación (magnetosusceptibilidade e crioxenia), grupo II, pola quenda de promoción interna, da Universidade de Santiago de Compostela, de cara á realización do terceiro exercicio,

**ACORDA** publicar as seguintes **instrucións e criterios de avaliación e corrección**:

1. A persoa aspirante deberá ir provista de documento fidedigno acreditativo da súa identidade.
2. Non se permitirá o acceso á aula en que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio.
3. O exercicio consistirá na realización dun suposto práctico proposto polo tribunal sobre os contidos do programa, no que a persoa aspirante deberá demostrar as capacidades para o desempeño das funcións correspondentes.
4. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 90 minutos.
5. A proba puntuarase de 0 a 35 puntos, e consistirá en dúas tarefas relacionadas co desempeño dos labores do servizo de magnetometría. A primeira puntuarase cun máximo de 20 puntos e a segunda cun máximo de 15, con expresión no enunciado da puntuación máxima de cada subapartado en que se descompoñen as partes. Para superar o exercicio será necesario obter un mínimos de 15 puntos, sumando a cualificación das dúas tarefas.

Para a valoración atenderase ao coñecemento dos procedementos, o coñecemento e manexo do instrumental e a calidade da análise dos resultados. Valorarase o grao de acerto, calidade e adecuación das respostas dadas a cada unha das cuestións formuladas.

Consonte coa base 6.7 da convocatoria, a persoa aspirante poderá, no prazo de **tres (3) días** hábiles contados a partir do día seguinte ao da realización de cada exercicio, presentar **reclamacións ás preguntas** formuladas.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O presidente do Tribunal

Jesús Manuel Mosqueira Rey

- Taboleiro electrónico da sede electrónica USC: <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>
- Páxina web das convocatorias de PAS da USC:  
<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JESUS MANUEL MOSQUEIRA REY, NIF \*\*\*9224\*\*, 22/11/2024 11:33:38.

CSV: 6C9E-AD92-40FD-BE1E